A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ó contratista, nas obras menores, ou ós axentes intervinientes na obra, nas obras maiores.

As estadas cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As torres de traballo móbiles cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun Plan de Montaxe, utilización e desmontaxe elaborado

por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, debendo repoñer, en calquera caso, as posibles roturas sobre a vía pública.

Comunícaselle que as obras remataranse no prazo máximo de un ano. (Expte. URB/2024/000422)

LICENZAS DE OBRAS MENORES

PRP2024/2003

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. María Lourdes Peñalver Martínez en representación de TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U, para obras de ampliación da rede de telecomunicacións con canalización soterrada de 1,5 m. para conectar con ICT de edificio situado na rúa Valle Inclán nº 15 (s/ref.: 8528398-3894617), baixo as seguintes condicións:

- Antes do inicio dos traballos, realizarase previamente un replanteo dos mesmos cos servizos técnicos municipais, coa localización dos servizos municipais afectados polas obras. (Sr Diego Teléf. 670 507 938).
- As obras executaranse baixo a inspección e vixilancia do persoal técnico do Concello de Vilagarcía de Arousa. Co obxecto de poder comprobar o estado das redes de servizos municipais soterrados afectados polas obras e - unha vez executada a canalización e antes de tapar a gabiá - , solicitarase a inspección dos servizos técnicos municipais para que poidan proceder a súa inspección.
- Previo o inicio das obras, o interesado deberá solicitar as distintas compañías, unha relación de servizos afectados na zona do ámbito de actuación.

Reposicións

REPOSICIÓN DA BEIRARRÚA COA MESMA TIPOLOXÍA QUE A EXISTENTE

- Para a reposición do vial estarase ao disposto na ordenanza municipal de Circulación de Vilagarcía de Arousa, debendo solicitar con 7 días de antelación a execución dos traballos, que terán a consideración de obras “vinculadas” á licenza de obra concedida.
- O solicitante adoptará ao seu cargo e durante a execución das obras, as medidas de protección individuais e colectivas necesarias para garantir o cumprimento das normas de seguridade e saúde na fase de execución, acordo co R.D. 1627/1997.
- No caso que, polo Concello de Vilagarcía de Arousa, fose preciso realizar calquera tipo de obra no dominio público municipal e resultase afectada a obra e/ou instalación á que se refire a presente autorización, será por conta do solicitante o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resultase necesaria, nos prazos e condicións que estableza o Organismo titular do dominio público, sen que isto supoña ningún custo para o Concello.
- A fianza de 500 € depositada para garantir que a zona de vía pública afectada polas obras queda en perfectas condicións de uso, devolverase unha vez comprobado este extremo. (Expte. URB/2023/001073)

PRP2024/2004

Informar desfavorablemente a solicitude presentada por D. Luís Manuel Folgar Torrado para

colocación de vao permanente na Avda. Vilanova nº 78, Vilaxoán, de conformidade co informe técnico emitido onde se indica que non é vialbe a súa concesión xa que se trata de estacionar na fronte da súa vivenda en terreos destinados a beirarrúa e incorporados ao uso público. (URB/2024/000289).

PRP2024/2005

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. María del Carmen Vidal Costoya, para obras de acometida á rede de saneamento na rúa Arealonga nº 52 (Ref. Cat. 0056130NH2105N0001IF) , baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo do Concello (Diego teléf. 670.507.938), co que o interesado convirá o momento da súa execución, que realizará baixo a súa inspección e vixilancia.
- Repoñeranse tódolos servizos municipais afectados o seu estado inicial.
- A conexión realizarase a pozo de rexistro e o ramal de acometida será con tubo de **PVC de diámetro 160 mm** como mínimo.
- Xunto á fachada do edificio, e construída sempre en vía pública , disporase de arqueta de rexistro de ladrillo macizo de 1/2 pé, revestido interiormente, de medidas interiores 60 x 60 con emboquillado de 50 x 50 e tapa de rexistro de fundición destas medidas.
- A fianza de 200 € depositada para garantir que a zona de vía pública afectada polas acometidas queda en perfectas condicións de uso, devolverase unha vez comprobado este extremo. (Expte. URB/2024/000362)

PRP2024/2006

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. Sara Millán Caneda para acometida á rede xeral de distribución de **auga para servizo de obra** na rúa Pumariño nº 24 (Ref. Cat. 9346412NH1194N0001HZ), baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 50 x 50 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 40 x 40 cms., e no seu interior colocarse a chave xeral de corte. Esta arqueta colocarse na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.
- Para a instalación do contador de auga disporase de lugar con tapa rexistrable fóra da obra, de doado acceso para a lectura e comprobación do servizo.
- O uso da auga **será exclusivamente para as necesidades da construción da obra**, sen que se poida destinar, baixo ningún concepto, a outros usos. (Expte. URB/2024/000384)

LICENZAS DE OBRAS MAIORES

PRP2024/2007

Informar favorablemente, polos Sres/as concelleiros/as coa excepción do Sr. Fajardo Recouso que se manifesta en contra, a solicitude presentada por D. Julio Mondragón Paz en representación de HERMANOS MONDRAGON PAZ S.A., vistos os informes técnico e xurídico, para

acondicionamento de parcela para plantación de viñedo en O Rial, Sobrán, Vilaxoán (Ref. Cat. 36060A030003280001HB), de conformidade co proxecto de acondicionamento de finca para plantación de viñedo dentro da D.O. Rías Baixas, redactado polo enxeñeiro agrónomo D. Gabino Grande Torro de data decembro de 2020 e Anexo ao devandito proxecto, redactado polo enxeñeiro agrónomo D. Gabino Grande Torro, asinado electronicamente o 27.02.2024 xustificando o cumprimento das autorizacións sectoriais precisas.

A parcela está clasificada como solo rústico de protección de costas, solo rústico de protección de infraestruturas e solo de protección de patrimonio (contorno de protección do Pazo de Vilaxoán).

- Consta informe favorable sobre a compatibilidade dos usos e actividades, con Plan de Ordenación do Litoral, emitido polo Director do Instituto de Estudos do Territorio, da Consellería de Medio Ambiente de data 24.02.21.
 - Con respecto á afección do patrimonio, consta autorización da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura de data 04.06.21.
 - Dado que as actuacións afectan á zona de afección da estrada autonómica PO-549, consta resolución da Axencia Galega de Infraestruturas, Consellería de Infraestruturas e Mobilidade de data 28.06.22, coas condicións que se especifican na mesma.
 - Consta autorización para a realización das actuacións na zona de servidume de protección do dominio marítimo terrestre, do Servizo de Urbanismo da Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, de data 02.11.23, coas condicións que se indican na mesma.
1. De conformidade co disposto no Art. 145 da LSG o prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis meses e o de finalización de 3 anos, dende a data do seu outorgamento (Dito prazo computarase dende o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza) Non poderá interromperse as obras por tempo superior a seis meses.
 2. A concesión de prórrogas dos prazos de inicio e remate das obras condicionarase a que se respete a normativa urbanística vixente no tempo da concesión da prórroga e, no caso de obras xa iniciadas, a que a edificación sexa rematada exteriormente (Art. 145.2 LSG e 359 do RLSG)
 3. Será requisito indispensable dispor, xunto á obra, copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores, a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
 4. A licenza entenderase outorgada salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, segundo o Art.350.3 do RLSG.
 5. **As obras axustaranse ás condicións e contido das autorizacións e informes esixidos pola lexislación sectorial.**
 6. No curso da execución das obras adoptaranse as medidas necesarias ao amparo do disposto no Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción e demais normativa ao respecto. (Expt. URB/2021/000006)

PRP2024/2008

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna Alejandra Fuentes Rodríguez en representación da COM. PROP. EDIFICIO MAR-MATOSINHOS 14, para a obtención dunha prórroga para a execución das obras de remodelación de fachadas e cuberta en edificación existente na

Avd. de Matosinhos nº 14, que obtivo licenza por resolución de alcaldía de data 31.08.2023, de conformidade co informe técnico e xurídico favorable á concesión da prórroga por un período de seis meses para inicio das obras e tres anos para o remate das mesmas.(Expte. URB/2022/001030)

PRP2024/2010

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. José Constenla Pego en representación de GRUPO EMPRESARIAL NANDO SL, para legalización das obras executadas de acondicionamento de finca e remate das obras pendentes de executar, en finca "Currás" situada en Carballido, Cea, con ref. catastral 36060A020006980000GX, segundo "Proxecto de legalización de acondicionamento de finca para plantación de frutais (aguacates)", redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. José Constenla Pego, asinado electronicamente o 12.12.2023.

Consta informe favorable sobre a compatibilidade dos usos e actividades co Plan de Ordenación do Litoral, emitido polo director do Instituto de Estudos do Territorio da Consellería de Medio Ambiente de data 15.05.23.

Consta comunicación efectuada ante a Consellería de Medio Rural de cambio de actividade de forestal a agrícola, así como resolución de Augas de Galicia de data 13.02.24, pola que se indica o arquivo do procedemento ao considerar este organismo que non se precisa a súa autorización ao non atoparse as actuacións incluídas nos supostos do art. 9.1.d) do Regulamento do Dominio Público Hidráulico.

- De conformidade co disposto no Art. 145 da LSG o prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis meses e o de finalización de 3 anos, dende a data do seu outorgamento (Dito prazo computarase dende o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza) Non poderá interromperse as obras por tempo superior a seis meses.
- A concesión de prórrogas dos prazos de inicio e remate das obras condicionarase a que se respete a normativa urbanística vixente no tempo da concesión da prórroga e, no caso de obras xa iniciadas, a que a edificación sexa rematada exteriormente (Art. 145.2 LSG e 359 do RLSG)
- Será requisito indispensable dispor, xunto á obra, copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores, a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- A licenza entenderase outorgada salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, segundo o Art.350.3 do RLSG.
- De ser o caso as obras axustaranse as condicións e contido das autorizacións e informes esixidos pola lexislación sectorial.
- No curso da execución das obras adoptaranse as medidas necesarias ao amparo do disposto no Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción e demais normativa ao respecto.

Déase conta ao Departamento de Disciplina Urbanística aos efectos oportunos en relación ao expediente DISC/2022/158. (Expte. URB/2023/000228)

PRP2024/2011

Dar conformidade ao proxecto de execución presentado por D. José Antonio Buezas Méndez en

representación de PROMOCIONES BUEZAS ÁLVAREZ S.L., para reforma interior de local para uso vivienda na Avda. Agustín Romero nº 25 baixo (Ref. Cat. 9456004NH1195N002YH), redactado polo arquitecto técnico D. Carlos Rey Lustres, con visado colexial de data 15.03.2024

Rematadas as obras, e con carácter previo a súa ocupación, deberá formularse comunicación previa de primeira ocupación (Art. 142.3 LSG) aportando a documentación esixida no Art. 355. 3 do RLSG(Certificado acreditativo da efectiva e completa finalización das obras, previa á visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, subscrito por técnico competente e visado polo colexio profesional cando así o esixa a normativa vixente, así como unha declaración do técnico sobre a conformidade das obras executadas co proxecto autorizado pola licenza de obras correspondente. Achegarase igualmente á solicitude documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións executadas no inmovible de conformidade coa súa normativa reguladora e, no seu caso, certificación emitida polas empresas subministradoras dos servizos públicos, da adecuada execución das acometidas das redes de subministración).(Expte. URB/2023/000777)

PRP2024/2012

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Aberto Chorén Falcón en representación de D. Manuel García Vilariño, vistos os informes técnico e xurídico, para obras de rehabilitación e reforma de vivienda unifamiliar situada en rúa Castillejos nº 1, Carril (Ref. Cat. 8584611NH1188S0001QQ), de conformidade co proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto técnico D. Alberto Chorén Falcón, con visado colexial de data 13.03.2024.

- De conformidade co disposto no Art. 145 da LSG o prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis meses e o de finalización de 3 anos, dende a data do seu outorgamento (Dito prazo computarase dende o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza) Non poderá interromperse as obras por tempo superior a seis meses.
- A concesión de prórrogas dos prazos de inicio e remate das obras condicionarase a que se respete a normativa urbanística vixente no tempo da concesión da prórroga e, no caso de obras xa iniciadas, a que a edificación sexa rematada exteriormente (Art. 145.2 LSG e 359 do RLSG)
- Será requisito indispensable dispor, xunto á obra, copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores, a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- A licenza entenderase outorgada salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, segundo o Art.350.3 do RLSG.
- De ser o caso as obras axustaranse as condicións e contido das autorizacións e informes esixidos pola lexislación sectorial.
- No curso da execución das obras adoptaranse as medidas necesarias ao amparo do disposto no Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción e demais normativa ao respecto.
- Rematadas as obras, e con carácter previo á súa ocupación, deberá formularse comunicación previa de primeira ocupación (Art. 142.3 LSG) achegando a documentación esixida no Art. 355. 3 do RLSG (Certificado acreditativo da efectiva e completa finalización das obras, previa á visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, subscrito por técnico competente e visado polo colexio profesional cando así o esixa a normativa vixente,

así como unha declaración do técnico sobre a conformidade das obras executadas co proxecto autorizado pola licenza de obras correspondente. Achegarase igualmente á solicitude documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións executadas no inmovible de conformidade coa súa normativa reguladora e, no seu caso, certificación emitida polas empresas subministradoras dos servizos públicos, da adecuada execución das acometidas das redes de subministración). (Expte. URB/2023/001067).

PRP2024/2013

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Carlos Berride Abalo en representación de Dna. María Inmaculada López Teijeiro, vistos os informes técnico e xurídico, para obras de reforma, rehabilitación e ampliación de dúas edificacións para catro apartamentos turísticos na rúa da Cruz nº 20 e rúa Aduana nº 33, Carril (Ref. Cat. 8481906NH1188S0001AQ), de conformidade co proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto D. Carlos Berride Abalo, con visado colexial de data 28.02.2024. Consta informe favorable da Área Provincial de Pontevedra de Turismo de Galicia, Consellería de Presidencia de data 13.02.2024, para apartamentos turísticos de unha chave.

- De conformidade co disposto no Art. 145 da LSG o prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis meses e o de finalización de 3 anos, dende a data do seu outorgamento (Dito prazo computarase dende o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza) Non poderá interromperse as obras por tempo superior a seis meses.
- A concesión de prórrogas dos prazos de inicio e remate das obras condicionarase a que se respete a normativa urbanística vixente no tempo da concesión da prórroga e, no caso de obras xa iniciadas, a que a edificación sexa rematada exteriormente (Art. 145.2 LSG e 359 do RLSG)
- Será requisito indispensable dispor, xunto á obra, copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores, a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- A licenza entenderase outorgada salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, segundo o Art.350.3 do RLSG.
- De ser o caso as obras axustaranse as condicións e contido das autorizacións e informes esixidos pola lexislación sectorial.
- No curso da execución das obras adoptaranse as medidas necesarias ao amparo do disposto no Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción e demais normativa ao respecto.
- Rematadas as obras, achegarase comunicación previa para a apertura do establecemento, que se acompañará da documentación esixida para o funcionamento da actividade segundo o artigo 11.2 do Decreto 144/2016. (Expte. URB/2024/000043).

PRP2024/2014

Informar favorablemente a solicitude de D. Alfredo Rojas Temprado en representación de D. José Benito Martínez Daponte, vistos os informes técnico e xurídico, para demolición de tres edificacións

e construción de novo muro de cerremento de parcela, na rúa Porto nº 34, de conformidade co proxecto redactado polo Arquitecto D. Alfredo Rojas Temprado con visado colexial de data 18.03.2024.

- De conformidade co disposto no Art. 145 da LSG o prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis meses e o de finalización de 3 anos, dende a data do seu outorgamento (Dito prazo computarase dende o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza) Non poderá interromperse as obras por tempo superior a seis meses.
- A concesión de prórrogas dos prazos de inicio e remate das obras condicionarase a que se respete a normativa urbanística vixente no tempo da concesión da prórroga e, no caso de obras xa iniciadas, a que a edificación sexa rematada exteriormente (Art. 145.2 LSG e 359 do RLSG)
- Será requisito indispensable dispor, xunto á obra, copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores, a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- A licenza entenderase outorgada salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, segundo o Art.350.3 do RLSG.
- De ser o caso as obras axustaranse as condicións e contido das autorizacións e informes esixidos pola lexislación sectorial.
- No caso de que se cumpran as condicións previstas no artigo 3.2 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, deberá procederse polo promotor a designar, con carácter preceptivo, a un coordinador de seguridade e saúde.
- No curso da execución das obras adoptaranse as medidas necesarias ao amparo do disposto no Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción e demais normativa ao respecto. (Expt. URB/2023/001010)

PRP2024/2016

Informar favorablemente o arquivo do expediente de solicitude de licenza presentada por D. Pedro José Varela Vila en representación de D. José Manuel Saborido Dios para construción de edificio para apartamentos turísticos na rúa San Xosé esquina rúa Mulatas (Ref. Cat.: 9470909NH1197S0001AA e 9470908NH1197S0001WA), por falta de presentación do preceptivo informe favorable da Consellería de Cultura e Turismo, requirido con data 24.08.2023, polo que de conformidade co artigo 354.1 do RLSG ténselle por desistido da súa petición. (Expt. URB/2021/000011)

ASUNTOS VARIOS

PRP2024/2026

Informar favorablemente a solicitude presentada pola entidade ORV CONTRATACIONES DE GALICIA SL, para aprobación inicial do "Estudio de Detalle para Reordenación de Volúmenes" a desenvolver na parcela con referencia catastral 9859801NH1195N0001HG situada na Avenida Rodrigo de Mendoza s/n esquina con rúa Ramón Cabanillas, Vilagarcía de Arousa, redactado polo arquitecto don Carlos Berride Abalo asinado dixitalmente o 10.04.2024.

O Expediente deberá someterse a información pública polo prazo de un mes mediante anuncio

que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia de Pontevedra.

Notificarase individualmente a probación inicial aos titulares catastrais dos terreos afectados, nomeadamente aos estremeiros polo norte e leste.

Solicitarase a emisión de informe pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade e por Augas de Galicia. (Expt. P/2024/000002) (R.U. 266)

PRP2024/2029

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Carlos Berride Abalo en representación da entidade ORV CONTRATACIONES DE GALICIA S.L., para declaración de innecesiedade de licenza de segregación e agrupación de parcelas situadas na Avd. Rodrigo de Mendoza s/n esquina rúa Ramón Cabanillas s/n (Ref. Cat.: 9859801NH1195N0001HG), de conformidade co proxecto de "Declaración de innecesiedade de licenza de parcelación e agrupación", redactado polo arquitecto D. Carlos Berride Abalo, asinado electronicamente con data 06.02.2024, toda vez que queda xustificado que a segregación que se pretende atópase dentro dos supostos contemplados no artigo 150.6 de innecesiedade de outorgamento de licenza de segregación.

Consta presentada no expediente proforma da escritura de segregación, compavenda e agregación.

Consta acta de cesión de terreos afectados por aliñacións para a súa incorporación á vía pública.

Segundo o proxecto presentado a distribución das parcelas quedaría como a seguir se indica:

- Parcelas Iniciais:
 - Parcela 1.- 2.788,93 m²
 - Parcela 2.- 1.948,01 m²
- Parcelas Segregadas:
 - Parcela A.- 197,32 m²
 - Parcela Cesión 1.- 55,57 m²
 - Parcela Cesión 2.- 8,11 m²
- Parcelas Resultantes:
 - Parcela resultante 1.- 2.527,93 m²
 - Parcela resultante 2.- 2.145,33 m²
 - Parcela cesión 1.- 55,57 m²
 - Parcela cesión 2.- 8,11 m²

(Expt. URB/2024/000104)

E sen máis asuntos que tratar, ás 10:28 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.